

REMUIÑO DE PISTAS: TRAMA DE OFICIOS

Actividade autónoma orientada para alumnado de 1º e 2º da ESO.

Esta actividade baséase nunha dinámica de xogo de pistas onde, os e as participantes van facendo un percorrido que, aínda que pautado, ten unha parte importante de descubrimento e de necesaria construción do propio coñecemento. O motivo central deste percorrido son os oficios tradicionais que se atopan nos diferentes andares do Museo.

Neste documento achegámosvos as instrucións do xogo, as pistas para darlle ao alumnado, as solucións das pistas para as e os docentes, bibliografía sobre oficios tradicionais e os planos do Museo para entregarllos ao alumnado.

As **instrucións** a ter en conta son:

- O xogo está deseñado para facer baixo a dirección do persoal docente do centro educativo.
- Tedes que traer impresas as copias das pistas e dos planos que vos achegamos neste documento. Tamén lapis ou bolígrafos para responder as preguntas.
- Hai dous itinerarios distintos compostos coas mesmas pistas co obxectivo de evitar concentracións de alumnado nas mesmas salas.
- O recomendable é que o xogo non se faga con máis de 30 participantes xogando á vez no Museo.
- Faranse grupos de 4 ou 5 alumnos e alumnas que levarán unha copia das follas de ruta coas pistas, unha copia do plano do Museo e un lapis ou bolígrafo.
- No caso de querer xogar con máis alumnado (nunca debe superar os e as 50 participantes), terán que buscar as pistas organizados en grupiños máis grandes e sempre acompañados dun profesor ou profesora en cada grupiño.
- É importante antes de comezar o xogo, presentar o Museo ao alumnado e lembrarilles a súa responsabilidade cun patrimonio que é de todas as persoas. Tamén deles e delas.
- Para unha mellor orientación deberase repasar xunto co alumnado o plano do edificio e indicarlles o elemento central de circulación que é a escaleira helicoidal.
- O xogo ten unha organización circular, polo que as pistas comezan e rematan no mesmo punto: o claustro do Museo. As pistas levarán ao alumnado polo andar de baixo e o entrechán.
- Na procura das pistas primará o traballo cooperativo tentando a distribución de tarefas entre os e as alumnas que integren cada equipo, deixando claro que non hai premio nin gaña ninguén, e que do que se trata é de facer a visita ao Museo dun xeito máis ameno.
- Ao remate do xogo é conveniente realizar unha posta en común para fixar coñecementos, falar sobre estes, aclarar dúbidas e avaliar a actividade. Lembrede que ante calquera dúbida, consulta ou incidencia, o persoal de sala e de recepción está aí para axudarvos.

GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN.

PISTAS. ITINERARIO 1

PISTA 1

A pesca é un dos oficios que máis se asocian ao Mar. Pero para poder realizar esta actividade, precisamos doutros oficios igual de importantes, sen os cales a pesca non se podería realizar. Por exemplo, o oficio que usa esta ferramenta



Atopádeo e anotade:

Que nomes recibe este oficio? E a ferramenta da foto?

Con que materiais se facían as redes?

E hoxe en día con que material se fan?



PISTA 2

Outro oficio importante para a pesca é o que se encarga de armar barcos. Cal é?



PISTA 3

Agora, se saídes pola porta que está debaixo das ferramentas deste oficio, ides dar a unha escaleira de forma helicoidal. Iremos polos no centro, no medio das ramplas. Cal é a que se prolonga ate arriba de todo? Reparede en que están numeradas!



PISTA 4

A número 11, entrando pola primeira porta, lévanos á sala da Música. Alí tedes outro oficio que traballa coa madeira. Que constrúe? Que tipo de madeira usa?

PISTA 5

Se continuades camiñando atoparedes a sala de Indumentaria. Alí veredes este oficio:

Que fai?

Que útiles usa principalmente?

En que zonas se fai?

Quen o adoita facer?



PISTA 6

Para obter o fio co que despois tecemos ou cosemos, hai que facer un longo e laborioso traballo, principalmente se a materia prima que usamos é o liño, unha planta. Unha das primeiras fases dese largo traballo é "ripar". En que consiste?

PISTA 7

Ademais de entrelazar fíos para obter tea, tamén podemos entrelazar distintos tipos de madeira para obter, que cousas? Ide a sala onde se fala disto e fixádevos nos diferentes utensilios que se poden facer coa técnica do entrelazado. Que oficio se encarga disto?



PISTA 8

Xa vistes que con madeira podemos facer barcos, gaitas ou cestos, pero dentro da carpintaría, hai moitas outras especializacións. Buscade este deseño e apuntade algunha máis.



PISTA 9

Algúns oficios que se atopan nesta sala, tiñan linguas gremiais que só coñecía quen traballaba nese gremio. Buscade o nome das falas do gremio da Cantaría, da Tellaría e de quen afía coitelos e arranza paraugas.

PISTA 10

Para rematar volvede ao claustro do edificio e agradade polos compañeiros e polas compañeiras respondendo se estas preguntas son certas ou falsas:

- ❖ As persoas que fan redes usan atadeiras para traballar.
- ❖ A escaleira que vimos ten forma de caracol.
- ❖ O luthier para facer gaitas usaba principalmente buxo.
- ❖ Os palillos son unha das ferramentas para facer encaixe.
- ❖ A ripa é un dos pasos para transformar o algodón en fío.
- ❖ As persoas que fan zocos son un tipo de carpinteiras.
- ❖ O barallete é a lingua do gremio da Cantería.

PISTAS. ITINERARIO 2.

PISTA 1

Algúns oficios que se amosan no Museo tiñan linguas gremiais que so coñecía quen traballaba nese gremio. Buscade o nome das falas do gremio da Cantaría, da Tellaría e de quen afía coitelos e arranxa paraugas.

PISTA 2

Outro oficio que podedes ver nesta sala é o da carpintaría. Nel existen moitas especializacións dependendo do tipo de madeira co que traballan. Buscade este deseño e apuntade algunha das variedades dentro da carpintaría.



PISTA 3

Unha destas especialidades é a que arma barcos. Que nome recibe? Que tipo de madeira usa? Na sala do Mar teredes as respostas.



PISTA 4

Agora, se saídes pola porta que está debaixo das ferramentas deste oficio, ides dar a unha escaleira de forma helicoidal. I mos pornos no centro, no medio das ramplas. Cal é a que se prolonga ate arriba de todo? Reparade en que están numeradas!



PISTA 5

A número 11, entrando pola primeira porta, lévanos á sala da música. Alí tedes outro oficio que traballa coa madeira. Que constrúe? Que tipo de madeira usa?

PISTA 6

Entrelazando distintos tipos de madeira podemos obter, que cousas?
Ide a sala onde se fala disto e fixédevos nos diferentes utensilios que se poden facer coa técnica do entrelazado. Que oficio se encarga disto?



PISTA 7

Outra materia prima que podemos entrelazar é o liño, fibra vexetal da que se consegue fío. Para obter o fío co que despois tecemos ou cosemos, hai que facer un longo e laborioso traballo. Unha das primeiras fases dese largo traballo é "ripar". En que consiste?

PISTA 8

Se continuades camiñando atoparedes a sala de Indumentaria e veredes este oficio



Que fai?

Que útiles usa principalmente?

En que zonas se fai?

Quen o adoita facer?



PISTA 9

En zonas de mar realizase outro oficio que tamén ten que ver con entrelazar fío e que é moi importante para a pesca. É o oficio que usa esta ferramenta



Atopádeo e anotade:

Que nomes recibe este oficio?

E a ferramenta da foto?

Con que materiais se facían as redes?

E hoxe en día con que material se fan?



PISTA 10

Para rematar volvede ao claustro do edificio e agardade polos compañeiros e polas compañeiras respondendo certo ou falso:

- ❖ O barallete é a lingua do gremio da Cantería.
- ❖ As persoas que fan zocos son un tipo de carpinteiras.
- ❖ A escaleira que vimos ten forma de caracol.
- ❖ O luthier para facer gaitas usaba principalmente buxo.
- ❖ A ripa é un dos pasos para transformar o algodón en fío.
- ❖ Os palillos son unha das ferramentas para facer encaixe.
- ❖ As persoas que fan redes usan atadeiras para traballar.

SOLUCIÓN a partir do Itinerario I. Material para o persoal docente.

PISTA 1 SALA DO MAR, PLANTA BAIXA.

A pesca é un dos oficios que máis se asocian ao Mar. Pero para poder realizar esta actividade, precisamos doutros oficios igual de importantes, sen os cales a pesca non se podería realizar. Por exemplo, o oficio que usa esta ferramenta. Atopádeo e anotade:

Que nomes recibe este oficio? [Redeira ou atadeira](#)

E a ferramenta da foto? [Agulla ou lanzadeira](#).

Con que materiais se facían as redes? [Cáñamo e algodón](#).

E hoxe en día con que material se fan? [Fibras sintéticas como o nailon](#).

PISTA 2 SALA DO MAR, PLANTA BAIXA.

Outro oficio importante para a pesca é o que se encarga de armar barcos. Cal é? [Carpintaría de ribeira](#). Que tipo de madeira usa? [Carballo](#). Tamén [castiñeiro e pino](#).

PISTA 3 PLANTA BAIXA.

Agora, se saídes pola porta que está debaixo das ferramentas deste oficio, ides dar a unha escaleira de forma helicoidal. Imos pornos no centro, no medio das ramplas. Cal é a que se prolonga ate arriba de todo? [Reparade en que están numeradas!](#)

[A escaleira con forma de hélice deseñada por Domingo de Andrade para a reforma barroca do antigo Convento de Bonaval, ten 3 ramplas coas que se dá acceso ás diferentes plantas. A número 1 é a rampla que sube ata o balcón. A nº I e II rematan no último andar do edificio.](#)

PISTA 4 ENTRECHÁN, SALA DE MÚSICA.

A número II, entrando pola primeira porta, lévanos á sala da música. Alí tedes outro oficio que traballa coa madeira.

Que constrúe? [Gaitas](#).

Que tipo de madeira usa? [Buxo](#).

PISTA 5 ENTRECHÁN, SALA DE INDUMENTARIA.

Se continuades camiñando atoparedes a sala de Indumentaria onde veredes este oficio:

Que fai? [Encaixe de palillos](#).

Que útiles usa principalmente? [Os palillos e a almofada](#).

En que zonas se fai? [Nas zonas do litoral, especialmente na Costa da Morte, sendo Camariñas o lugar referencial](#).

Quen o adoita facer? [As mulleres](#).

PISTA 6 ENTRECHÁN, SALA DE TECIDO.

Para obter o fío co que despois tecemos ou cosemos, hai que facer un longo e laborioso traballo, principalmente se a materia prima que usamos é o liño. Unha das primeiras fases dese longo traballo é "ripar". En que consiste?

[Consiste en arrincar as sementes á planta do liño, para logo romper as febras e ir, pouco a pouco, transformando o liño en fío que logo pasamos pola urdideira para preparar a urdime para tecer no tear.](#)

PISTA 7 ENTRECHÁN, SALA DE CESTARÍA.

Ademais de entrelazar fíos para obter tea, tamén podemos entrelazar distintos tipos de madeira para obter, que cousas? ? Ide a sala onde se fala disto e fixádevos nos diferentes utensilios que se poden facer coa técnica do entrelazado.

[Principalmente diferentes tipos de cestos mais seguindo esta técnica podemos facer trampas como as nasas, recipientes para gardar líquidos ou pezas de roupa como a corozá.](#)

Que oficio se encarga disto? [O oficio da cestaría](#).

PISTA 8 PLANTA BAIXA, SALA DE OFICIOS.

Xa vistes que con madeira podemos facer barcos, gaitas ou cestos, pero dentro da carpintaría, hai moitas outras especializacións. Buscade este deseño e apuntade algunha máis.

PISTA 9 PLANTA BAIXA, SALA DE OFICIOS.

Algúns oficios que se atopan nesta sala, tiñan linguas gremiais que so coñecía quen traballaba nese gremio. Buscade o nome das falas do gremio da Cantaría ([latín dos arxinas](#)), da Tellaría ([cavaco](#)) e de quen afía coitelos e arranxa paraugas ([barallete](#)).

PISTA 10 PLANTA BAIXA, CLAUSTRO.


Para rematar volvede ao claustro do edificio e agradade polos compañeiros e polas compañeiras respondendo se estas preguntas son certas ou falsas:

- ❖ As persoas que fan redes usan atadeiras para traballar. [Falso, atadeira é uns dos nomes do oficio.](#)
- ❖ A escaleira que vimos ten forma de caracol. [Falso, ten forma helicoidal e o seu apoio principal está na parede.](#)
- ❖ O luthier para facer gaitas usaba principalmente buxo. [Certo.](#)
- ❖ Os palillos son unha das ferramentas para facer encaixe. [Certo.](#)
- ❖ A ripa é un dos pasos para transformar o algodón en fío. [Falso, o material para confeccionar fío era, principalmente o liño.](#)
- ❖ As persoas que fan zocos son un tipo de carpinteiras. [Certo.](#)
- ❖ O barallete é a lingua do gremio da Cantería. [Falso, o barallete é a lingua de quen afía coitelos, etc. A lingua gremial da Cantería é o latín dos arxinas.](#)


[Nesta ligazón](#) podedes atopar máis información sobre oficios tradicionais.

Planos

Planta Baixa



Entrechan



Planta Primeira

